

COMISIÓN INFORMATIVA DE POLÍTICAS SOCIAIS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de marzo de 2025**

Ás 18.00 horas do día 19 de marzo de 2025, réunese a Comisión Informativa de Políticas Sociais, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, que escusa a súa ausencia.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2025.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de febreiro de 2025.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:
Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Políticas Sociais do día 19 de febreiro de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA PALIAR O IMPACTO DO PECHE DA ESCOLA INFANTIL “ A CASIÑA” E ACHEGAR ALTERNATIVAS VIABÉIS PARA AS FAMILIAS.-

D. Álvaro Vila Araujo, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

A entidade Cáritas Diocesana de Ourense anunciou en medios de comunicación o pasado 27 de febreiro o peche da Escola Infantil “A Casiña”, situada na rúa Vasco da Ponte nº 4 de Ourense. “A Casiña” é un centro educativo infantil que xoga un papel fundamental no desenvolvemento de nenas e nenos da cidade, entoxándose peza esencial para a conciliación laboral e familiar de moitas nais e pais. A escola levaba aberta desde 1977, polo que conta con case que medio século de actividade, sendo xestionada durante os derradeiros 17 anos por Cáritas. O centro dispón de 41 prazas e un cadro de traballadores composto por 7 persoas, incluíndo persoal de cociña e administración.

O peche produciuse de xeito unilateral, sen previo aviso e -o máis preocupante- sen ofrecer alternativas viábeis, quedando os usuarios en situación de desamparo, xa que non existen opcións abondo a proximidade para cubrir a demanda existente. Neste senso, abasta botar un ollo á lista de agarda do pasado curso, ascendendo uns 150 as nenas e nenos que quedaron sen praza na escola. Nunha cidade como Ourense, onde hai unha acentuada escaseza de prazas en centros infantís e non cesa de aumentar a demanda, o sinalado fechamento agrava unha problemática que afecta directamente aos fogares, nomeadamente aos que dependen deste tipo de centros para conciliar a súa vida laboral e persoal.

A meirande parte das familias afectadas non poden desprazarse a outros centros educativos pola distancia e falta de recursos, o que fai que o peche implique, alén dun inconveniente loxístico maior, un obstáculo insalvável. Fogares, que xa se atopan nunha situación de certa vulnerabilidade económica, dependen deste servizo para cumprir cos seus horarios laborais, véndose na obriga de buscar solucións improvisadas que adoitan non ser factíbeis nin axeitadas, colocándoos nunha situación incluso máis delicada. Esta tesitura non só afecta á estabilidade laboral dos proxenitores, senón que mesmo pon en risco o desenvolvemento

educativo dos cativos, que se ven privados dun espazo de formación temperá crucial para o seu crecemento integral.

A apertura do novo centro administrativo da Xunta de Galicia no barrio das Lagoas terá implicacións significativas na zona. O complexo albergará uns 700 funcionarios que a día de hoxe traballan en diferentes dependencias espalladas pola cidade. A concentración de traballadores do novo centro administrativo incrementará a demanda de prazas en escolas infantís (0-3 anos) na área circundante, o cal obrigará ao goberno autonómico á adopción de medidas para facilitar a conciliación laboral e familiar. As autoridades competentes deberían comezar xa a avaliar a capacidade actual das escolas infantís no barrio e consideren a posibilidade de ampliar prazas e servizos para atender axeitadamente o incremento esperado da demanda. Inserida na devandita zona, o peche de “A Casiña” var no sentido contrario do devir do barrio.

Inquieta a carencia de información e a inexistencia de solucións alternativas por parte dos responsables do peche. Dunha banda, as familias non recibiron ningunha comunicación oficial sobre as razóns do cerramento dun servizo que se presta nunhas instalacións que son de propiedade pública, que non propias de quen presta o servizo, esgrimindo Cáritas “causas económicas”. Segundo a memoria de 2023 da organización da igrexa católica en Ourense, o custo da Escola Infantil “A Casiña” ascendeu a 185.747 euros (172.381 euros en 2022 e 163.989 euros en 2021). Durante este mesmo período, Cáritas Diocesana de Ourense recibiu de diferentes administracións públicas até 2.819.826 euros en 2023, 1.886.051 euros en 2022 e 1.676.482 euros no 2021.

Tampouco se acompañou o anuncio do pechamento de alternativas plausibles á disposición duns fogares que quedan de súpeto sen servizo. A decisión de Cáritas Diocesana de Ourense sobrevén nun momento en que as familias tiñan confirmada a renovación no centro, dando comezo o prazo de novas matrículas o 1 de marzo (2 días despois do anuncio do peche), namentres que o resto de garderías de Ourense xa iniciaran de común acordo o proceso o 1 de febreiro de 2025. O baleiro informativo incrementa a incerteza e o malestar, non estando nais e pais en disposición de planificar axeitadamente o vindeiro curso ao descoñecer as opcións eventualmente dispoñibles. Non se informou apropiadamente aos damnificados nin se plantexaron recursos e alternativas ao seu dispor para atopar un horizonte de solución.

*Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:*

PRIMEIRA.- Instar a Cáritas Diocesana de Ourense a que proceda a deixar sen efecto o peche da Escola Infantil "A Casiña", previsto para o día 31/07/2025, dándolle continuidade ao centro entreméntres se buscan alternativas axeitadas que posibiliten a continuidade dos servizos educativos e de coidado infantil na zona.

SEGUNDA.- Demandar da Xunta de Galicia -a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e/ou da Consellería de Política Social e Igualdade- que interveña de urxencia para atallar os efectos negativos dunha situación que afecta ao benestar e estabilidade laboral das familias, así como á atención e formación de cativas e cativos, e mesmo das traballadoras.

Dona María Mangana Guede, do BNG, afirma en primeiro lugar a solidariedade do seu grupo coas familias afectadas e co persoal do centro. Respecto á moción, sinala que formulan reserva de voto de cara ao Pleno.

Dona Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, manifesta a reserva de voto neste asunto do seu grupo.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (4) e a abstención do Grupo Popular (6), do BNG (2) e de Democracia Ourensana (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRA.- Instar a Cáritas Diocesana de Ourense a que proceda a deixar sen efecto o peche da Escola Infantil "A Casiña", previsto para o día 31/07/2025, dándolle continuidade ao centro entreméntres se buscan alternativas axeitadas que posibiliten a continuidade dos servizos educativos e de coidado infantil na zona.

SEGUNDA.- Demandar da Xunta de Galicia -a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e/ou da Consellería de Política Social e Igualdade- que interveña de urxencia para atallar os efectos negativos dunha situación que afecta ao benestar e estabilidade laboral das familias, así como á atención e formación de cativas e cativos, e mesmo das traballadoras.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

Don Xosé Manuel Puga González, do BNG, pregunta sobre o recente programa promovido por esta Deputación consistente en terapias termais para afectados pola DINA, e

si este programa se vai a estender a todos os balnearios da provincia ou vai ser exclusivamente con Caldaria.

O **presidente** contesta que este programa tivo un custe relativamente modesto, en parte grazas a que mediante convenio con RENFE, esta asumiu o 80% do custo das viaxes. Engade que os informes amosan uns resultados deste programa moi bos, tanto desde o punto de vista terapéutico como de proxección da provincia como destino termal.

Por último contesta que con total seguridade se vai ofertar este programa a todos os establecementos balnearios da nosa provincia.

Don Xosé Manuel Puga González, do BNG, formula o rogo que lle fan chegar desde a comunidade do pódcast “orgullo galego” en relación ao emprego que fixo a Deputación dun clip sobre os felos de Maceda que é da súa propiedade, rogando que no sucesivo, cando menos, se solicite autorización a esta comunidade para o seu uso.

O **presidente** afirma que así se fará.

E, ás 18.11 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.